



Concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior

ACTA DA SESIÓN DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E DE APOIO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO, OBRADOIRO FORESTAL LAMBRE-MANDEO 2024

ACTA Nº 10

Na Casa Consistorial do Concello de Vilarmaior, ás nove horas e trinta minutos do día vinte e oito de novembro de dous mil vinte e catro, reúnense os membros do órgano de selección que se indican a continuación:

Presidenta: Ruth Álvarez Grande
Vogal: Ana Ocampo Pérez-Gorostiaga
Vogal: María Pilar Lage García
Vogal: Úrsula de la Barrera Fernández
Secretaria: Rosa Novoa Paseiro

O órgano de selección elixe dous textos para realizar a proba de coñecemento da lingua galega, de galego a castelán e de castelán a galego, de acordo coas bases de selección, á candidata para o posto de auxiliar administrativo, Martínez Lourbe Carla Yanina.

Procédese ao chamamento da candidata, a proba se realiza por escrito, nun tempo máximo de 30 minutos. Rematada a proba no tempo establecido, o órgano de selección, corrixe os textos traducidos e acorda valorar como APTA a proba realizada pola candidata.

A continuación o órgano de selección examina as reclamacións presentadas polos candidatos e os criterios establecidos nas bases de selección, que se transcriben a continuación:

“Selección dos candidatos/as, méritos a valorar:

Titulación universitaria ou equivalente relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro:

- Licenciatura ou grao, 1,5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
- Pos Grao, ata 100 horas: 0,25 puntos; máis de 100 horas: 0,50 puntos
- Máster universitario relacionado, ata 500 horas: 0,75 puntos, máis de 500 horas: 1 punto
- Doutoramento, relacionado: 1,25 puntos



Concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior

- Título de técnico superior da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0,50 puntos.
- Título de técnico da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0,15 puntos”

“Acreditación das titulacións complementarias e das accións de formación. Deben ser **outorgadas ou impartidas por universidades e centros de formación públicos, administracións públicas, escolas oficiais da administración pública, colexios oficiais ou incluídos nos plans de formación continua.** Deben acreditarse coa presentación de titulacións, certificacións de asistencia ou diplomas; debe constar o número de horas, as datas de celebración e os contidos impartidos. En caso de ter participado en varias accións formativas sobre a mesma materia, serán excluídos os de duración inferior.”

De acordo ao anterior e, tendo en conta que os requisitos mínimos esixidos, non se valoran como mérito, tanto de titulación, como de experiencia profesional mínima, no caso de que se esixa, o órgano de selección toma os seguintes acordos:

1.- **Carla Yanina Martínez Lourbe**, NIF: ***4225**, nº de rexistro 202499900000334, presentada o día 25/11/2024. Aporta contratos de traballo e certificado de empresa para que se valore a experiencia profesional.

O órgano de selección acorda estimar a reclamación e valorar a experiencia profesional con 3 puntos, de acordo coas bases.

2.- **Francisco Javier Moreno Montero**, NIF: ***9067**, nº de rexistro 202499900000330, presentada o día 22/11/2024. Alega que non se puntuou a titulación en RRL (diplomado en Relacións Laborais). O órgano de selección acorda desestimar a alegación por ser a titulación requirida como requisito específico para o posto (titulación universitaria de grao, diplomatura, licenciatura) e a titulación requirida como requisito non é obxecto de valoración como mérito.

Alega que non se puntuaron todos os períodos dos contratos de traballo en experiencia profesional. O órgano de selección acorda non modificar a puntuación neste apartado e desestimar a alegación, xa que é un requisito a experiencia profesional mínima de 6 meses en postos relacionados, e esta experiencia non se valora como mérito, por ser un requisito. En canto ao resto da experiencia que aporta, non chega ao mínimo de 6 meses, e de acordo coas bases. se puntúa con 0.75 puntos **por cada 6 meses traballados.**

Alega que non se puntuaron correctamente os cursos de formación. O órgano de selección despois de revisar a documentación, acorda estimar a alegación e valorar con 0.50 puntos o posgrao en orientación laboral e dous cursos de 0.10 puntos cada un.

3.- **María Isabel Corral Vilela**, NIF: ***9285**, nº de rexistro 202499900000335, presentada o día 25/11/2024. Alega que non se valora correctamente a competencia docente, de acordo co establecido no RD 658/2024 do 9 de xullo, que modifica o RD 659/2023, do 18 de xullo. O órgano de selección despois de revisar a documentación, acorda estimar a alegación e valorar con 1 punto o apartado de competencia docente.



Concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior

4.- **Sonia Coello Dapena**, NIF: ****6305**, nº de rexistro 202499900000340, presentada o día 25/11/2024, alega que non se valora o certificado de docencia, o órgano de selección acorda desestimar a alegación, dado que a capacidade docente é un requisito para o posto e non se valora como mérito. O título de formador ocupacional de Euroinnova Formación, non se valora por ser centro privado e non ser titulación universitaria ou equivalente, de acordo ao indicado nas bases de selección con respecto aos méritos a valorar, que literalmente din:

“Titulación universitaria ou equivalente relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro:

- Licenciatura ou grao, 1,5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
- Pos Grao, ata 100 horas: 0,25 puntos; máis de 100 horas: 0,50 puntos
- Máster universitario relacionado, ata 500 horas: 0,75 puntos, máis de 500 horas: 1 punto”

Alega que non se valora un PosGrao relacionado. O órgano de selección acorda desestimar a alegación, dado que de acordo coas bases de selección **“a acreditación das titulacións complementarias e das accións de formación, deben ser outorgadas ou impartidas por universidades e centros de formación públicos, administracións públicas, escolas oficiais da administración pública, colexios oficiais ou incluídos nos plans de formación continua”**. O título que aporta é dunha academia privada.

Alega que tampouco se valoran outros cursos. Despois de revisada a documentación, o órgano de selección acorda valorar un curso con 0.10 puntos. O resto de cursos non se valoran por ser impartidos por centros privados.

5.- **Segundo Ruiz Lemos**, NIF: ****7065**, nº de rexistro 202499900000333, presentada o día 23/11/2024, alega que non se valoraron axeitadamente as titulacións complementarias. Revisada a documentación, o órgano de selección acorda desestimar a alegación, dado que, de acordo coas bases de selección os méritos a valorar son:

“-Titulación universitaria ou equivalente relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro.”

“-A acreditación das titulacións complementarias e das accións de formación, deben ser outorgadas ou impartidas por universidades e centros de formación públicos, administracións públicas, escolas oficiais da administración pública, colexios oficiais ou incluídos nos plans de formación continua”.

O Máster universitario é o requisito esixido de competencia docente, polo que non se valora como mérito.

O título de Técnico Superior en prevención de riscos laborais non é titulación universitaria ou equivalente, o centro que o imparte non é un centro de FP homologado pola Consellería de Educación.



Concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior

6.- **Juan Pablo Romay Cea**, NIF: ***1896**, nº de rexistro 202499900000331, presentada o día 22/11/2024, alega que se revisen as puntuacións nos apartados de titulación e cursos formadores e que se publiquen de forma desagregada as puntuacións dos candidatos.

O órgano de selección acorda estimar a alegación e publicar as puntuacións de forma desagregada.

Respecto ás titulacións, acorda desestimar as alegacións dado que unha é o requisito e polo tanto non se valora. O outro título xa foi valorado de acordo coas bases.

O certificado de profesionalidade é o requisito esixible de competencia docente, polo que non se valora como mérito.

Os méritos a valorar son:

-***“Titulación universitaria ou equivalente relacionada”***.

O título de Técnico Superior en riesgos laborales non é ***impartido por universidades e centros de formación públicos, administracións públicas, escolas oficiais da administración pública***.

De acordo coas bases de selección ***“a acreditación das titulacións complementarias e das accións de formación, deben ser outorgadas ou impartidas por universidades e centros de formación públicos, administracións públicas, escolas oficiais da administración pública, colexios oficiais ou incluídos nos plans de formación continua”***.

7.- **Bibiana Vázquez Souto**, NIF: ***1369**, nº de rexistro 202499900000339, presentada o día 25/11/2024, alega que se revise a documentación presentada para a baremación. O órgano de selección, despois de revisada novamente a documentación, e tendo en conta que o cómputo da experiencia profesional se realiza en base aos días cotizados en Vida laboral, acorda que a puntuación outorgada é correcta e polo tanto desestimar a alegación.

Resoltas as reclamacións presentadas, o órgano de selección acorda:

Primeiro.- A probar a listaxe definitiva de candidatos coas puntuacións obtidas no proceso de selección do persoal directivo, docente e de apoio do obradoiro:



Concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior

DIRECTOR

DNI	NOME E APELIDOS	TITULACION (max. 2 ptos.)							EXPERIENCIA (max. 8 ptos.)		CURSOS (max. 2 ptos.)		TOTAL	
		LICENC/GRADO RELACIONADA (1,5 ptos)	DIPLOMATURA RELACIONADA (1 ptos)	MASTER RELACIONADO		POSRAO RELACIONADO		DOUTORADO RELACIONADO (1,25 ptos)	T.SUPERIOR RELACIONADO (0,50 ptos)	TECNICO (0,10 ptos)	DIR. EQ.HUM. FO.OCU/OE (0,75 ptos/6mes)	DIR. EQ HUM. (0,50 ptos/6mes)		- 99 horas 100 o + horas
				- ou = 500 H (0,75 ptos)	+ 500 H (1 ptos)	Ata 100 H (0,25 ptos)	+ 100 H (0,50 ptos)							
***3351**	Cordero Torre María Dolores									8		0,6	1,4	10
***1482**	Varela Iglesias Manuel				1							1,2	0,2	2,4

AUXILIAR ADMINISTRATIVO

DNI	NOME E APELIDOS	TITULACION (max. 2 ptos.)				EXPERIENCIA (max. 8 ptos.)		CURSOS (max. 2 ptos.)		TOTAL	
		LICENC/GRADO / DIPLOMATURA (2 ptos.)	T.SUPERIOR (1,0 ptos)	Bacherelato 1,5ptos		TECNICO (0,50 ptos)	ESC.OBRADOIRO O.E ou F.OCUPAC. (0,75 ptos/6mes)	FORA ESC.OBRAD. F.OCUP/O.E. (0,50 ptos/mes)	+ 20 H (0,10 curso)		+100 H (0,20 curso)
		***1119*	Durán Ascariz Belén	2				1,88			0,5
***4225*	Martínez Lourbe Carla Yanina						3		0,4	3,4	



Concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior

MESTRE ENSINO BÁSICO-TITOR

DNI	NOME E APELIDOS	TITULACION						EXPERIENCIA		CURSOS FORMADORES					CURSOS		TOTAL		
		(max. 2 ptos.)						(max. 8 ptos.)		(max. 2 puntos)									
		LICENC/GRADO	DIPLOMATURA	MASTER RELACIONADO		POSGRADO RELACIONADO		DOCTORADO	T.SUPERIOR	TECNICO	FO.OCU/OE		Especialización docente	Metodoloxía didáctica	Formadores	CAP ou equivalente		curso SSCE0110	- 99 horas
RELACIONADA	RELACIONADA	- ou = 500 H	+ 500 H	Ata 100 H	+ 100 H	RELACION					100 horas	150h	400h						
***0136*	García Seoane María Luz									8							0.3	0.2	8.5
***2283*	Andrade Sánchez Sílvia									7,1							0,8	0,2	8,1
***1369*	Vázquez Souto Bibiana	1.5								1.4	2.8					1	0.8	0.2	7.7
***0670*	García Rodríguez Isabel																		0

MESTRE XESTIÓN EMPRESARIAL

DNI	NOME E APELIDOS	TITULACION						EXPERIENCIA		CURSOS FORMADORES					CURSOS		TOTAL		
		(max. 2 ptos.)						(max. 8 ptos.)		(max. 2 puntos)									
		LICENC/GRADO	DIPLOMATURA	MASTER RELACIONADO		POSGRADO RELACIONADO		DOCTORADO	T.SUPERIOR	TECNICO	FO.OCU/OE		Especialización docente	Metodoloxía didáctica	Formadores	CAP ou equivalente		curso SSCE0110	- 99 horas
RELACIONADA	RELACIONADA	- ou = 500 H	+ 500 H	Ata 100 H	+ 100 H	RELACION					100 horas	150h	400h						
***0136**	García Seoane M.ªLuz									8							0,8	0,2	9,00
***2283**	Andrade Sánchez Sílvia									5	3						0,8	0,2	9,00



Concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior

***1369**	Vázquez Souto Bibiana	1.5								1.4	2.8				1.00	0,8	0.2	7,70
***9067**	Moreno Montero Francisco J.					0.5					2,46					0,3	0.4	3,66
***1119**	Durán Ascariz Belén							0.5	0.1						1.00	0.5	0.2	2,30

MESTRE ESPECIALIDADE

DNI	NOME E APELIDOS	TITULACION (max. 2 ptos.)								EXPERIENCIA (max. 8 ptos.)		CURSOS FORMADORES (max. 2 puntos)					CURSOS		TOTAL	
		LICENCIADO	DIPLOMATURA	MASTER RELACIONADO		POSGRADO RELACIONADO		DOUTORADO relacionado	T.SUPERIOR	TECNICO	FO.OCU/OE		Especialización docente	Metodoloxía didáctica	Formadorde formadores	CAP ou equivalente	curso SSCE0110	- 99 horas		100 o + horas
		RELACIONADA	RELACIONADA	- ou = 500 H	+ 500 H	Ata 100 H	+ 100 H	RELACION					100 horas	150h	400h					
***9285**	Corral Vilela M. ^a Isabel	1.5		1							8				1		0.4	0.6	12.00	
***0124**	Franco López Miguel A.							1.5	0.30	8							0.6	0.4	10.80	
***1896**	Romay Cea Juan Pablo	1.5								8							0.8	0.2	10.50	
***7065**	Ruíz Lemos Segundo									5	3					1	1		10.00	
***6305**	Coello Dapena Sonia									5	3						0.6	0.2	8.80	
***6492**	Liñeira Casal Santiago									6.11	1.89						0.3	0.4	8.70	
***9633**	Vecino Pereiro Marcos									8							0.2		8.20	

Segundo.- Proponer ao alcalde a contratación dos seguintes candidatos:

DIRECTOR		
DNI	NOME E APELIDOS	PUNTUACIÓN
***3351**	Cordero Torre María Dolores	10.00
AUXILIAR ADMINISTRATIVO		



Concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior

DNI	NOME E APELIDOS	PUNTUACIÓN
***1119**	Durán Ascariz Belén	4.58
MESTRE DE ORIENTACIÓN/XESTIÓN EMPRESARIAL		
DNI	NOME E APELIDOS	PUNTUACIÓN
***0136**	García Seoane M ^a Luz	9.00
MESTRE ENSINO BÁSICO/TITOR		
DNI	NOME E APELIDOS	PUNTUACIÓN
***0136**	García Seoane M ^a Luz	8.50
MESTRES ESPECIALIDADE		
DNI	NOME A APELIDOS	PUNTUACIÓN
***9285**	Corral Vilela M ^a Isabel	12.00
***0124**	Franco López Miguel A.	10.80

Terceiro.- Aprobar a listaxe de reserva integrada polos candidatos que obtiveron as mellores puntuacións finais ás dos propostos para ocupar as prazas obxecto da convocatoria. Esta listaxe empregarase para cubrir as vacantes que se produzan.

DIRECTOR		
DNI	NOME E APELIDOS	PUNTUACIÓN
***1482**	Varela Iglesias Manuel	2.40
AUXILIAR ADMINISTRATIVO		
DNI	NOME E APELIDOS	PUNTUACIÓN
***4225**	Martínez Lourbe Carla Yanina	3.40
MESTRE DE ORIENTACIÓN/XESTIÓN EMPRESARIAL		
DNI	NOME E APELIDOS	PUNTUACIÓN
***2283**	Andrade Sánchez Silvia	9.00
***1369**	Vázquez Souto Bibiana	7.70
***9067**	Moreno Montero Francisco J.	3.66
***1119**	Durán Ascariz Belen	2.30



Concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior

MESTRE ENSINO BÁSICO/TITOR		
DNI	NOME E APELIDOS	PUNTUACIÓN
***2283**	Andrade Sánchez Silvia	8.10
***1369**	Vázquez Souto Bibiana	7.70
***0670**	García Rodríguez Isabel	0.00
MESTRES ESPECIALIDADE		
DNI	NOME A APELIDOS	PUNTUACIÓN
***1896**	Romay Cea Juan Pablo	10.50
***7065**	Ruiz Lemos Segundo	10.00
***6305**	Coello Dapena Sonia	8.80
***6492**	Liñeira Casal Santiago	8.70
***9633**	Vecino Pereiro Marcos	8.20

Cuarto.- Conceder un prazo de dous días hábiles aos aspirantes propostos (**04 e 05 de decembro de 2024**), para presentar a seguinte documentación:

1. Declaracións xuradas de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme e de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade e conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión
- 2.-Certificado médico, sen prexuízo de posterior recoñecemento, e especificamente no caso de facer valer a súa condición de discapacidade.

Quinto.- Publicar estes acordos nos taboleiros de anuncios e webs dos concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior.

Terminado o acto, se redacta a presente acta, que asinan os membros do órgano de selección, sendo as doce horas e dez minutos.